

Comunidades indíxenas: Dereitos e recoñecemento

Description

Para formular o debate a este nivel cómpre ter en conta que América Latina acolle arredor de 800 pobos indíxenas no interior das súas fronteiras, o que supón un 8,3% da poboación latinoamericana, é dicir, 45 millóns de persoas, segundo recolle o último informe da CEPAL relacionado cos pobos indíxenas.

Para formular o debate a este nivel cómpre ter en conta que América Latina acolle arredor de 800 pobos indíxenas no interior das súas fronteiras, o que supón un 8,3% da poboación latinoamericana, é dicir, 45 millóns de persoas, segundo recolle o último informe da CEPAL relacionado cos pobos indíxenas.

A importancia desta cuestión deriva, entre outros, das penosas condicións coas que teñen que lidar estes pobos para loitar pola súa supervivencia. A pobreza, a desigualdade, a violencia estrutural e directa, a exclusión, a discriminación, o alto índice de mortalidade infantil son os factores máis significativos que obrigan aos indíxenas a organizárense para reclamar unha serie de dereitos que aínda hoxe non lle son recoñecidos.

En primeiro lugar, compre coñecer as demandas principais destes pobos, que resumen os piares esenciais para a garantía da súa supervivencia. A demanda indíxena sintetízase no recoñecemento efectivo da súa identidade propia e dos seus dereitos, tanto colectivos como individuais.

O dereito á libre determinación ou autogoberno con administración propia. É unha das demandas máis sensibles e polémicas, xa que recoñecelos como pobo suporía, a ollos do goberno, a aceptación dunha fragmentación política e social.

Os dereitos colectivos sobre as terras, territorios e recursos naturais. O recoñecemento deste dereito outorgaríalles ás comunidades indias máis control sobre as súas terras, a inclusión destes pobos na actividade empresarial do territorio e abriría un proceso de negociación obrigado entre Estados, indíxenas e empresas.

O dereito a participar nos mecanismos de toma de decisións gobernamentais que lles atinxan. Facer partícipes aos pobos indíxenas daquelas reformas lexislativas ou estruturais que lles afecten é, canto menos, unha obriga democrática. A estas tres demandas principais, súmanse as peticións en canto á organización social e dereito consuetudinario -que dependen do trato que teña o Estado coas comunidades indíxenas segundo o país-, educación e cultura, entre outros.

Estas cuestións foron atendidas, en maior ou menor medida, por diversas institucións internacionais. A raíz da Declaración Universal dos Dereitos Humanos xurdiron diversas iniciativas de cara á protección destas minorías e a promoción dos seus dereitos. É nestas institucións onde se apoian os representantes indíxenas para fundamentar a súa situación e denunciála. As súas demandas están recollidas na Declaración de Nacións Unidas sobre Dereitos Indíxenas e no Convenio 168 da Organización Internacional do Traballo. Ambos os dous documentos teñen un grandísimo peso normativo e son os dous instrumentos máis importantes dos que dispoñen as comunidades indias para facer valer os seus dereitos.

Numerosas estruturas internacionais teñen orixe nestes tratados: O Foro Permanente de Cuestións Indíxenas da ONU, o Mecanismo de expertos, o Relator de Nacións Unidas para Cuestións Indíxenas, as Oficinas do Alto Comisionado...

América Latina é un exemplo de inconsistencia entre as normas e principios internacionais en materia indíxena e a lexislación "doméstica" arbitrada polos seus diferentes Estados. É aquí onde atopamos as maiores lagoas e mesmo ameazas para estes pobos por parte dos Estados.

Os pobos e comunidades indíxenas conseguiron facerse un lugar nos parlamentos, abrir novos espazos de discusión e debate das súas demandas e asegurar unha importante repercusión dos seus movementos sociais. A pesar disto, seguen

sendo unha minoría, e as súas demandas perden protagonismo porque deben de negociar con outros grupos de interese.

As fendas existentes entre a normativa internacional e as lexislacións estatais alimenta esta débil situación dos pobos indíxenas. A pesar da ratificación, as normas e principios imperantes nas Declaracións e Convenios internacionais, non pasan a formar parte da lexislación estatal.

As lexislacións son inconsistentes porque as normas recollidas nas diferentes Constitucións non contan coa articulación necesaria nin cos mecanismos efectivos para asegurar a súa posta en práctica. Falta de recursos, falta de regulamentos administrativos, persoal especializado, canle xurídica... falta de vontade.

Constitucións como a de Venezuela ou Ecuador, que recoñecen e garanten os dereitos indíxenas colectivos do territorio, da xurisdición especial indíxena para a xustiza e administración, a participación política e a consulta, a pluriculturalidade e multiétnicidade do Estado.. non dispoñen de leis orgánicas que regulamenten estes dereitos e os fagan efectivos. Casos semellantes identificamos en Bolivia, Colombia e Guatemala onde a distancia entre a normativa e a realidade é ben ampla. Os importantes cambios operados nas constitucións non son seguidos da necesaria adecuación do resto da estrutura normativa, o cal significa que os Estados non teñen a obriga de respectar estes dereitos e poderán antepoñer outros intereses á protección destas comunidades.

Se a estas deficiencias lle sumamos a verticalidade autocrática da burocracia, a corrupción e a diversidade de intereses dos gobernos... xérase un eclipse que escurece cada vez mais as necesidades indíxenas.

As contradicións xeradas polos baleiros legais en torno á cuestión indíxena xeran unha distancia considerable na relación destas comunidades cos seus respectivos gobernos, e ademais outorgan un folgado espazo para aqueles que tentan aproveitarse da situación. Nese espazo asentan os grandes actores económicos, con boas conexións cos executivos que lles facilitan o camiño para a explotación dos recursos naturais situados en territorios indíxenas – que dende o punto de vista legal son de tutela estatal. Os casos de discriminación, explotación, maltrato e desconsideración cara as comunidades indias en América Latina – e en boa parte do globo – cóntanse a dúcias dende hai moitos anos. A Amazonia Peruana, a Patagonia Arxentina, os bosques de México, Colombia, Chile... exemplifican constantes ataques ambientais ao territorio indíxena que converten a supervivencia destes pobos nunha difícil tarefa.

Pese a todo, a mobilización indíxena non cede, contando co aval de diferentes organismos internacionais. Os mecanismos de expertos de Nacións Unidas e os relatores non cesan na denuncia e na publicación de multitude de informes en relación coa observación destes dereitos. Son os casos de Brasil ou Guatemala, por exemplo, onde os resultados pódense apreciar nas leis orgánicas promulgadas. É esta persistencia a que dota de oportunidades a estas comunidades. A pesar das inamovibles posicións dalgúns actores, os pobos, organizacións e representantes indíxenas manteñen un pulso constante que está a conformar mesmo unha nova vertente da esquerda latinoamericana que vai dar moito que falar.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Latinoamérica

ETIQUETAS

ONU Latinoamérica Comunidades indíxenas Dereitos Lexislación estatal indíxena

IDIOMA

Galego

Date Created

Decembro 10, 2014

Meta Fields

Autoría : 3769

Datapublicacion : 2014-12-10 00:00:00

Subtítulo : Unha análise de Sara Collazo Santaclara (USC)